

# CONCLUSIÓN DA XORNADA

“Aprendizaxe Cooperativa: Unha escola para  
tod@s”



# 1-2-4

## COMPARTINDO AS NOSAS REFLEXIÓNS SOBRE A XORNADA



A inclusión educativa:

- é unha realidade necesaria para falar de inclusión social.
- preséntase como unha realidade



da man de metodoloxías inclusivas como a metodoloxía cooperativa ou proxectos como A Estrada Inclusiva.



A metodoloxía cooperativa valórase como un recurso educativo útil para favorecer a inclusión.

Engade ao traballo dos contidos, competencias básicas como comunicación, HHSS, responsabilidade e reflexión.

Permite a participación de todo o alumnado e engade a presenza do traballo de valores.

Favorece unha maior motivación e implicación de docentes e alumnado.


**As principais necesidades que se poñen de manifesto son a formación e apoio ao profesorado para o traballo cooperativo na aula.**

**Existe un interese xeneralizado para crear vínculos e redes de colaboración entre docentes para compartir experiencias e levar adiante proxectos educativos máis inclusivos.**



## FOLIO XIRATORIO:

Coa dinámica do folio xiratorio cada unha das persoas asistentes sinalou unha acción que estivese disposta a iniciar en relación á metodoloxía cooperativa.




## As respostas e compromisos que máis destacaron foron....

1. Realizar algunha experiencia a nivel de aula
2. Sensibilización e difusión da metodoloxía a nivel de centro
3. Ampliar a formación en metodoloxía cooperativa



# UNHA OLLADA MÁIS GRÁFICA....



- 1. Poñer en práctica algunha experiencia a nivel de aula
- 2. Facer accións de sensibilización e difusión da metodoloxía a nivel de centro
- 3. Ampliar a formación en metodoloxía cooperativa



## E PARA REMATAR.....

Dende Down Galicia esperamos que esta Xornada vos animara a comezar unha nova aventura: aprender cooperando e cooperar aprendendo.

Esta metodoloxía implica un cambio de pensamento e unha ruptura coa rutina do profesorado. Sabemos que é difícil, e incluso ó principio parece imposible, porque ó profesorado xéralle máis traballo. O realmente difícil é decidir que se quere traballar de forma cooperativa. Esta metodoloxía é unha ferramenta de traballo e non só favorece a inclusión nas aulas, senón que permite unha mellora na calidade profesional e emocional do profesorado.

É necesario que os papeis das persoas dentro da aula cambien. Os mestres e as mestras de AL, PT, cuidadores/as, deben enfocar o seu traballo cara a autonomía e a inclusión de tódolos alumnos e alumnas na aula, sen tender a atencións individualizadas e fóra da aula de referencia. Un recurso ben aproveitado é un dobre éxito.

Moit@s de vós tiñades xa formación en Aprendizaxe Cooperativa, mais para outr@s este foi o comezo.

Para todos e todas, tanto para @s que estades xa post@s a andar, coma para @s que iniciades este camiño, Down Galicia pretende ser un apoio e, na medida do posible, un punto de encontro para as vosas inquedanzas en materia de inclusión educativa. Moitas das accións que tendes previstas serán máis levadeiras en compañía. Sempre será bonito compartir, creando redes de traballo .

Por iso, axuntamos unha serie de contactos que vos poden ser de axuda nesta andaina.

**... MOITAS GRAZAS POR ASISTIR E  
COMPARTIR AS VOSAS REFLEXIÓNS  
CON NÓS.**



## RECURSOS E CONTACTOS DE AXUDA....

- **Técnicos de Down Galicia e entidades membro** ubicados en Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, que contan con formación en aprendizaxe cooperativa e que poden colaborar en accións coma: apoio e asesoramento en aprendizaxe cooperativa, sensibilización a claustros, relatores en grupos de traballo,... Tamén dispoñemos de profesionais e contactos de referencia en diferentes localidades ós que vos podemos derivar para o que precisedes.

- **Servizo de formación do profesorado, CAFI e CFRs** das diferentes localidades

<http://www.edu.xunta.es/web/node/3095>

- **Plan anual de formación do profesorado**

<http://www.edu.xunta.es/web/node/12716>

- **Web Down Galicia**

<http://www.downgalicia.org/downgal/>

- **Punto virtual de educación na web de Down Galicia**

<http://www.downgalicia.org/downgal/educacion/>

**O proceso é lento... pero non estaredes sós...**





# GRAZAS SEMPRE...!!!!



**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**13 de setembro de 2014**